

Ceip. MILLADOIRO. Malpica.

## Programa para Formación de Usuarios e a Educación Documental da Biblioteca Escolar

Proxecto educativo de Centro (PEC) 1.999-2.000

Situados no marco de reflexión de para que vale a lectura, concluímos que non abonda con *aprender a ler*, obxectivo tradicional da escola primaria, senon que é necesario *ler para aprender*.

¿Cómo?. Cada vez máis o mundo que nos rodea é o mundo da información, da palabra impresa, das comunicacións... ninguén pode apoderarse de toda a información porque cada día se xeneran toneladas dela, porque os saberes se tranforman constantemente... cada vez é máis claro que quen sabe onde buscar, e quen sabe interpretar o que atopa está en mellores condicións para conseguir o que pretende.

Nesta onda, o Ceip. Milladoiro ten marcados dous grandes obxectivos relacionados coa lectura, en xeral, e a procura de información , en particular. A saber:

- 1.- Facer medrar nos nosos escolares o gusto pola lectura recreativa: ler porque sí, porque me gusta, porque o paso ben... Aquí enmarcaríamos todas aquelas actividades que levamos a cabo relacionadas coa Animación á Lectura.
- 2.- Ensinarlles a moverse polo mundo da información proporcionándolles os coñecementos precisos para seren capaces de atopar o que buscan. O mundo da información entendido no senso máis amplo: en calquera soporte (libros, xornais, CDs, internet...). Aquí cobran sentido todas aquelas actividades que levamos a cabo relacionadas coa Formación de Usuarios de Bibliotecas, a Educación Documental e a Informática.

### I. Funcións educativas da Biblioteca Escolar

I.-Segundo o *Manifesto da UNESCO para as mediatecas escolares, 1979*

- Dotar ós estudantes das técnicas e habilidades necesarias para que sexan capaces de obter e utilizar a máxima diversidade de recursos e servizos
- Educalos para ser toda a súa vida usuarios de biblioteca co obxectivo de disfrutar, informarse e aprender continuamente

II.-Segundo o *Manifesto da Biblioteca Escolar, UNESCO/IFLA, 1999*

- Crear e fomentar nos rapaces o hábito e o gusto por ler, por aprender e por utilizar as bibliotecas ó longo de toda a súa vida-
- Ofrecer oportunidades de crear e usar a información para adquirir coñecementos, comprender, desenvolver a imaxinación e entreterse
- Ensinar ó alumnado as habilidades para avaliar y utilizar a información\_en calquera soporte, formato o medio, tendo en conta a sensibilidade polas formas de comunicación presentes na súa comunidade

III.-Segundo as *Conclusións do Encontro Nacional sobre Bibliotecas Escolares. Madrid Marzo 1997*

" A biblioteca escolar ten unha serie de funcións educativas que afectan en xeral á formación integral da persoa y en concreto ó deseño, desenvolvemento e innovación curricular. Entre outras:

Formación na busca análise e tratamento da información e a documentación"

## **2. Características da Formación de Usuarios na Biblioteca Escolar . Ed. Infantil e Primaria**

*Cánda:* a través de toda a etapa educativa

*Ónde:* na aula e na biblioteca (escolar e pública)

*Quén:* polo profesor e o bibliotecario, conxuntamente

*Cómo:* en relación coas necesidades curriculares dos alumnos y cos seus intereses particulares

*Qué:* en relación ás fontes de información impresas y electrónicas y en relación ó fomento da lectura

## **3. Biblioteca escolar e currículo**

- Integrada nos procesos pedagóxicos do centro (Proxecto educativo, Proxecto curricular e programación)
- Espacio e recurso esencial para garantir a articulación dos contidos transversais y, en especial o desenvolvemento do relativo á tecnoloxía da información
- Cun proxecto marco propio y cunha programación para tódolos niveles educativos

## **4.-Obxectivos xerais da formación de usuarios**

- -Utilizar autonomamente a biblioteca como recurso informativo e para o lecer
- -Dominar os procedementos de busca da información en entornos manuais e informatizados.
- -Utilizar correctamente e de maneira eficaz as fontes de información.
- -Seleccionar criticamente a información en función da súa orixe e en relación cas súas propias necesidades.
- -Ser lectores eficaces e tomarlle gusto á lectura.

## **5.-As necesidades dos usuarios en relación ó traballo documental**

### *1: O planeamento da busca*

- -obxecto do traballo
- -planificación (facetamento)
- -obxectivo da busca (para un mural, para unha viaxe, para un traballo, para una pregunta...)
- -delimitación do tema
- -detección dos centros de información

Esta fase pode levarse a cabo na aula ordinaria.

### *2. O acceso á biblioteca e ás fontes*

- Formulación da busca.
- Busca nos catálogos
- Descodificación dos rexistros documentais
- Localización dos documentos
- Selección dos documentos
- Consulta dos documentos

### 3. A explotación da información

- Restitución da información
- Avaliación

## 7.Os obxectivos específicos da Educación Documental

### 3.1.- O planeamento da busca

### 3.2.- O acceso á biblioteca

#### 3.2.1.-Introducción á biblioteca como recurso informativo

##### 3.2.1.a.-Ed. Infantil

##### 3.2.1.b.-Ed. Primaria

#### 3.2.2.-A busca e a localización da información na biblioteca

##### 3.2.2.a.-Ed. Infantil

##### 3.2.2.b.-Ed. Primaria

#### 3.2.3.-A consulta dos materiais

##### 3.2.3.a.-Ed. Infantil

##### 3.2.3.b.-Ed. Primaria

### 3.3- A restitución da información


EDUCACIÓN INFANTIL SEGUNDO CICLO	
QUE ENSINAR	ACTIVIDADES
<p><i>.Estudio das fontes de información</i></p> <p>-Considerar os documentos impresos como fontes de información.</p> <p>-Introducir na aula distintas fontes de información.</p>	<p>-Xogar a identificar nos libros e carteis os obxectos e as accións da vida cotiá.</p> <p>-Contarlles historias usando o libro como fonte.</p> <p>-Reforzar a narración oral con grabacións sonoras e rítmicas.</p>
<p><i>.Búsqueda da información</i></p> <p>-Distinguir a biblioteca da aula da biblioteca central.</p> <p>-Manter en orden o rincón de biblioteca.</p>	<p>-Visitar a biblioteca central.</p> <p>-Nomear responsables da biblioteca.</p>
<p><i>.Utilización dos materiais</i></p> <p>-Crear nos escolares a necesidade da consulta.</p>	<p>-Buscar información gráfica en libros seleccionados a partires dun centro de interés determinado.</p>

PRIMARIA. PRIMER CICLO	
QUE ENSINAR	ACTIVIDADES
<p><i>.Estudio das fontes de información</i></p> <p>-Distinción do tratamento temático en libros de ficción e documentais</p>	<p>-Seleccionar contos, narracións e libros de consulta sobre un tema concreto e comparar os resultados obtidos poñendo en evidencia os distintos tratamentos da información.</p>
<p><i>.Búsqueda da información</i></p> <p>-Recoñecer os rasgos formais das coleccións e a súa variedade</p> <p>-Identificar o título nas obras de ficción</p> <p>-Distinguir as funcións do autor e do ilustrador nas obras de ficción.</p>	<p>-Observar as distintas coleccións de ficción e determinar se existe un criterio de colección ( uns mesmos personaxes, un único autor, un tema concreto...). Nos libros documentais observar se se trata dunha colección multitemática ou presenta un tema unitario.</p> <p>-Relacionar, na libreta de lector, os títulos dos libros lidos.</p> <p>-Buscar libros dun mesmo autor con debuxos de distintos ilustradores. E viceversa.</p>
<p><i>.Utilización dos materiais</i></p> <p>-Iniciar o hábito do préstamo individual dentro da biblioteca de aula.</p> <p>-Comprender a relación entre as informacións visuais e as correspondentes informacións textuais.</p>	<p>-Cada escolar deberá cubrir as súas fichas de préstamo.</p> <p>-Confeccionar un calendario mural dos días e horas reservados para o préstamo individual dentro da aula.</p> <p>-Relacionar, mediante fichas, algunhas ilustracións e os seus correspondentes pes de texto a partir de fotocopias previamente seleccionadas.</p>

PRIMARIA. SEGUNDO CICLO	
QUE ENSINAR	ACTIVIDADES
<p><b>.Estudio das fontes de información</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Identificar os distintos soportes informativos.</li> <li>-Coñecer o libro como principal fonte de información.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Clasificar os documentos obtidos nunha búsqueda realizada polo/a profesor/a, en función dos soportes (libros, videos, casetes, carteis, documnetos electrónicos...).</li> <li>-Taller do libro (elaboración de orixinais, impresión de textos, ilustracións, encadernación...)</li> </ul>
<p><b>.Búsqueda da información</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Introducir o concepto de Biblioteca e a súa organización.</li> <li>-Iniciar o sistema de clasificación.</li> <li>-Coñecer a ubicación física dos materiais.</li> <li>-Introducir o hábito de utilizar os servicios de información.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Visionado de vídeos explicativos.</li> <li>-Mural de biblioteca no que se indiquen con frases cortas ou rimadas, aspectos funcionais ou organizativos.</li> <li>-Identificar os gómetes relativos ós distintos niveis de lectura.</li> <li>-Ordenar alfabéticamente unha colección.</li> <li>-Nun plano da BE, indicar a localización dos materiais segundo a clasificación real.</li> </ul>
<p><i>.Utilización dos materiais</i></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Recoñecer as mencións de autor, ilustrador, editor... nos documentos.</li> <li>-Analizar os distintos niveis de información presentes nos documentos.</li> <li>-Identificar o tema dun libro a partires do sumario.</li> <li>-Utilizar os sumarios como sistema de localización da información.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Resear os datos dun libro na libreta de lector.</li> <li>-Comparar as informacións obtidas nun diccionario e nunha enciclopedia.</li> <li>-A partir de fotocopias de sumarios, determinar o tema dun libro dado.</li> <li>-Localizar unha información concreta a partires do sumario.</li> </ul>

PRIMARIA. TERCER CICLO	
QUE ENSINAR	ACTIVIDADES
<p><i>.Estudio das fontes de información.</i></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Coñecer o proceso de fabricación dun libro.</li> <li>-Distinguir os libros de consulta do conxunto de libros documentais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Visitar unha imprenta.</li> <li>-Charlas a cargo de profesionais do libro: autores, ilustradores, editores, libreiros, bibliotecariso...</li> <li>-Analizar a concreción e a rapidez das respostas obtidas nunha consulta en ambos tipos de libros.</li> </ul>
<p><i>.Búsqueda da información.</i></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Identificar signaturas.</li> <li>-Distinguir as identificacións relativas a fondos de diferentes soportes.</li> <li>-Coñecer as primeiras subdivisións da CDU</li> <li>-Consultar o catálogo electrónico nos campos de: materia, autor, editorial e colección.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Decodificar unha signatura dada.</li> <li>-A partir de tres documentos sobre un mesmo tema en distinto soporte, comparar as fichas electrónicas no apartado UBICACIÓN.</li> <li>-Clasificar varios documentos en función da materia correspondente da CDU.</li> <li>-Buscar un tema concreto e localizar no catálogo os documentos que teñen esa entrada.</li> </ul>
<p><i>.Utilización dos materiais.</i></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Valorar os distintos niveis informativos que proporcionan as fontes.</li> <li>-Coñecer os recursos de organización e presentación dos coñecementos nun libro.</li> <li>-Analizar como fonte informativa os textos complementarios ós literarios.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Comparar as informacións obtidas sobre un mesmo tema nunha enciclopedia e nunha monografía.</li> <li>-Identificar nun conxunto de libros: esquemas, glosario, recadro, gráfico, índice temático, citas e notas a pé de páxina.</li> <li>-Extraer as informacións que poden obterse no prólogo e/ou contraportada nun libro de ficción.</li> </ul>

## INVESTIGACIÓN DOCUMENTAL. FASES



**Seminario de Biblioteca**

Ceip. Milladoiro. MALPICA

